



Concello de Betanzos

Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

CONCELLO DE BETANZOS

ANUNCIO POLO QUE SE PUBLICA A APROBACIÓN INICIAL PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ORDENACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS. (PEPOCH)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 13 de agosto de 2026, acordou entre outros o seguinte acordo:

"... PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ORDENACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS (PEPOCH), que incorpora as previsións recollidas no Informe Ambiental Estratéxico emitido polo órgano ambiental, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarse, ademais, nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Suspende o outorgamento das licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Especial no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos. Esta suspensión publicárase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados."

De conformidade co disposto no artigo 75.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, expoñen ao público polo prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, para que durante o mesmo poida ser examinado polos interesados, nas dependencias de urbanismo ou na sede electrónica (<https://sede.betanzos.gal>) deste Concello, e para presentar, no seu caso, as alegacións e reclamacións que estimen pertinentes.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE
A ALCALDESA,
María Barral Varela.**

TABOLEIRO DE ANUNCIOS. SEDE ELECTRONICA. BETANZOS